



**ACORDO DE PRÓRROGA PARA O ANO 2018 DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL PARA LEVAR A CABO UNHA INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL CON PERSOAS MENORES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS E OTRAS ACTUACIÓNS EN MEDIO ABERTO PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000, DE 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

A Consellería de Política Social, a través da Dirección xeral de Familia , Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumida entre as súas competencias, de conformidade co Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM).

A fundación Camiña Social é una entidade sen ánimo de lucro que figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de la Consellería de Política Social con número E-5223.

Con data 1 de setembro de 2016 a Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Fundación Camiña Social para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na LORPM, na provincia da Coruña.

O convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería e esta fundación para levar a cabo unha intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas non privativas de liberdade, denominadas de medio aberto, impostas polos xulgados de menores en virtude do artigo 7 da LORPM, ou que teñan que realizar tarefas e actividades de reparación extraxudicial previstas no artigo 19 da mencionada lei, no ámbito da provincia de A Coruña.

Na cláusula oitava do convenio se establece a vixencia do convenio ata 31 de decembro de 2017 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano, e ata un máximo de 2 anos, todo elo condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Estando próximo o vencemento do convenio, á vista do exposto na cláusula oitava do mesmo, que prevé ata un máximo de 2 anos de prórroga, e tendo en conta a importante labor que está levando a cabo a Fundación na execución das medidas xudiciais de medio aberto e outras actuacións de medio aberto da LORPM na provincia de A Coruña, ámbalas partes, no nome e representación con que concorren e con capacidade legal para este acto,



### ACORDAN

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 1 de setembro de 2016, por un ano e con efectos dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro dese mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no clausulado, tendo en conta este acordo de modificación.

**Segundo.-** O importe previsto da prórroga do convenio de colaboración para o ano 2018 é de 470.805,72 €. Este importe non será obxecto de revisión.

Este gasto se financiará con cargo á partida orzamentaria 12.02.312B.228 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2018.

En proba de conformidade, ámbalas partes asinan este acordo de prórroga do convenio de colaboración para o ano 2018, por cuaduplicado exemplar, no lugar e data indicados.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017.

O conselleiro de Política social

O representante da  
Fundación Camiña Social

José Manuel Rey Varela

Antonio Campanón Sanjurjo